



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CATRO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 20)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e catro de xullo de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xullo de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA DOS EQUIPOS DE IMPRESIÓN, COPIA E ESCANEO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración en réxime de arrendamento sen opción a compra, dos sistemas de impresión, copia e escaneo de toda a Deputación de Lugo e centros vinculados.

Anuncio previo publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 13-03-2020.

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV674CDZHI4S7T42XVIXEAPRKQ¹.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6766JDJEEKJ3NIUXYFKUYH4A.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV674CD6JFZJ4TG22IOHM57HMQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:IV675X2MF4B47WJ4QJV5I3T7K4.



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV676CTZHLRSVL5K3RFCAYC7KY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV:
IV676CTSCEOL5WWOUIIHMIBDY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración, en réxime de arrendamento sen opción a compra, dos sistemas de impresión, copia e escaneo de toda a Deputación de Lugo e centros vinculados.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 402.930,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 69.930,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 333.000,00 euros de base. Na aplicación orzamentaria 9200.206 do vixente orzamento de gastos figura crédito disponible suficiente, nos RC indicados a continuación, segundo Informe de Intervención.

Anualidade 2020 (2 meses): 33.577,50 € - RC: 220200015781.

Anualidade 2021 (12 meses): 201.465,00 € - RC: 220209000319.

Anualidade 2022 (10 meses): 167.887,50 € - RC: 220209000319.

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 33.577,50 €, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 e 2022 as cantidades de 201.465,00 € e 167.887,50 € respectivamente.

Os gastos plurianuais están sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmprese os requisitos 2º e 3º e esta previsto que o gasto se inicie no presente exercicio”.

1 Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS E O CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS NOS DISTINTOS CENTROS PERTENCENTES Á DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento de instalacións térmicas dos edificios da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Orde de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV674KQYZZJ7QWVGJ4EFXAXYOL¹.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV67623LZ76MRRGIVU7X64ZH4M.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV6766ICABOTXDJC5T5RMRDOJY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV676CTTNFX65NPN6NAWIADG54.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV676CSLBVG45TPNAQ6HGURA6A.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte Acordo:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Aprobar a contratación do servizo de mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexiónelose nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, por un período de dous anos, prorrogables por outros dous.

Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e redución dos prazos de resposta que permitan unha áxil solución ás avarías urxentes que poidan xurdir na administración contratante.

Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 166.864,00 €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 35.041,44 €, o que fai un total de 201.905,44 €, atendendo ao seguinte desglose:



DEPUTACIÓN DE LUGO

CENTRO	APLIC. ORZAM.	IMPORTE MANTO. ANUAL (2020), IVE INCLUIDO	RC	IMPORTE MANTO. ANUAL (2021), IVE INCLUIDO	RC	IMPORTE MANTO. ANUAL (2022), IVE INCLUIDO	RC
Pazo Provincial de San Marcos	9200.212	1.815,00 €	22020/16295	10.890,00 €	220209/321	9.075,00 €	220209/321
Santa María	9200.212	1.815,00 €	22020/16298	10.890,00 €	220209/322	9.075,00 €	220209/322
Museo Provincial	3330.212	1.815,00 €	22020/16301	10.890,00 €	220209/323	9.075,00 €	220209/323
Escola de Imaxen e Son	3241.212	1.089,00 €	22020/16302	6.534,00 €	220209/324	5.445,00 €	220209/324
Pazo dos Deportes	3420.212	2.178,00 €	22020/17043	13.068,00 €	220209/325	10.890,00 €	220209/325
Edificio Miño	9200.212	1.089,00 €	22020/16714	6.534,00 €	220209/326	5.445,00 €	220209/326
Parque Móvil Provincial	9201.212	544,50 €	22020/16715	3.267,00 €	220209/327	2.722,50 €	220209/327
C. P. de Programas	3241.212	544,50 €	22020/16305	3.267,00 €	220209/328	2.722,50 €	220209/328
Granxa Gayoso Castro	4120.212	363,00 €	22020/16306	2.178,00 €	220209/329	1.815,00 €	220209/329
C.I. Terras do Miño	1729.212	145,20 €	22020/16307	871,20 €	220209/330	726,00 €	220209/330
Cestería	2413.212	87,12 €	22020/16308	522,72 €	220209/331	435,60 €	220209/331
Oficinas de Santo Domingo	9200.212	87,12 €	22020/16309	522,72 €	220209/332	435,60 €	220209/332
Escola de Piragüismo	3421.212	87,12 €	22020/17045	522,72 €	220209/333	435,60 €	220209/333
Museo de San Paio de Narla	3331.212	87,12 €	22020/16310	522,72 €	220209/334	435,60 €	220209/334
Museo do Mar	3333.212	87,12 €	22020/16312	522,72 €	220209/335	435,60 €	220209/335
Museo do Pazo de Tor	3332.212	87,12 €	22020/16313	522,72 €	220209/336	435,60 €	220209/336
Escola de Caza e Pesca en Tor	1720.212	87,12 €	22020/16314	522,72 €	220209/337	435,60 €	220209/337
Mazo de Santa Comba	1729.212	87,12 €	22020/16315	522,72 €	220209/338	435,60 €	220209/338
Club Náutico de Aguasmestas	9330.212	87,12 €	22020/16316	522,72 €	220209/339	435,60 €	220209/339
Club Náutico de Doadé	4321.212	87,12 €	22020/16317	522,72 €	220209/340	435,60 €	220209/340
Club Náutico de Portomarin	4321.212	87,12 €	22020/16320	522,72 €	220209/341	435,60 €	220209/341
Club Náutico de Belesar	4321.212	87,12 €	22020/16322	522,72 €	220209/342	435,60 €	220209/342
Club Náutico de Belesar Pobo	4321.212	87,12 €	22020/16323	522,72 €	220209/343	435,60 €	220209/343
Oficinas de Recaudación	9320.212	87,12 €	22020/16716	522,72 €	220209/344	435,60 €	220209/344
Apiario	1720.212	87,12 €	22020/16717	522,72 €	220209/345	435,60 €	220209/345
Área Recreativa Los Robles	9330.212	87,12 €	22020/16718	522,72 €	220209/346	435,60 €	220209/346
BOLSA DE HORAS ANO	9200.212	2.016,67 €	22020/16719	12.100,00 €	220209/347	10.083,33 €	220209/347
BOLSA MATERIALES ANO	9200.212	2.016,67 €	22020/16720	12.100,00 €	220209/348	10.083,33 €	220209/348
TOTAL		16.825,46 €		100.952,72 €		84.127,26 €	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 e 2022, as cantidades recollidas no punto anterior.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES PLAN ÚNICO 2019.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Lugo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento Nº 145 a 154 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito do Concello de LUGO, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13^a, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”.

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:



A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado chegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Lugo

O Concello de LUGO presentou Anexo III de obra incluída no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
LUGO	145	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS EN PENA DA MULA E PONTEGAOS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	5.993,55
	146	ABASTECIMIENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE BOCAMAOS, INCLUÍDO HONORARIOS	1610.76021	39.166,40
	147	ABASTECIMIENTO DE AUGA AO NÚCLEO DE PENARRUBIA (ORBAZAI), INCLUÍDO HONORARIOS	1610.76021	29.576,98
	148	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA LU-612 AO CAMPO DA FESTA (PIUGOS), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76021	2.602,65
	149	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE MAZOI A CACABELOS (MAZOI), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76021	6.540,79
	150	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA RÚA DA INDUSTRIA A BAGUEIXOS (TIRIMOL), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76021	3.351,34
	151	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-546 AO LÍMITE CO CONCELLO DE O CORGO (SANTA COMBA), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76021	9.660,79
	152	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-234 AO LÍMITE CO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (BOCAMAOS), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76021	2.838,90
	153	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE SAN SALVADOR DE MUXA Á RONDA NORTE (SAN SALVADOR DE MUXA)	1531.76021	6.239,88
	154	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2901 A VILAESTÉVEZ (SAN XOAN DO ALTO), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76021	3.614,89

Así mesmo, por escrito de data 09/07/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL DA LU-234 A OUTEIRO (OUTEIRO), INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	--	37.209,52€	37.209,52€
LUGO	REM	ABASTECIMENTO DE AUGA AO NÚCLEO DE CARDOSO (SAN MAMEDE)	1610.76201	253,26€	59.286,69€	59.539,95€
LUGO	REM	ABASTECIMENTO DE AUGA AO NÚCLEO DE PENARRUBIA (ORBAZAI), 2ª FASE	1610.76201	--	9.456,69€	9.456,69€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de LUGO, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de LUGO e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL DA LU-234 A OUTEIRO (OUTEIRO), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	37.209,52€	37.209,52€
LUGO	REM	ABASTECIMENTO DE AUGA AO NÚCLEO DE CARDOSO (SAN MAMEDE)	1610.76201	253,26€	59.286,69€	59.539,95€
LUGO	REM	ABASTECIMENTO DE AUGA AO NÚCLEO DE PENARRUBIA (ORBAZAI), 2ª FASE	1610.76201	--	9.456,69€	9.456,69€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Trabada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento Nº 310-311 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito do Concello de TRABADA, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Trabada

O Concello de TRABADA presentou Anexo III de obra incluída no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TRABADA	310	MELLORA DA ACESIBILIDADE Á RESIDENCIA DE TRABADA E CONSTRUCCIÓN DUNHA ACERA POLA MARXE ESQUERDA EN RIA DE ABRES	1532.76201	100,00€
TRABADA	311	URBANIZACIÓN DO ACCESO AO CENTRO ETNOGRÁFICO DE TRABADA, INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	10.655,47€

Así mesmo, por escrito de data 01/07/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
TRABADA	REM	MELLORA ACCESO Á ESCOLA DE VILAPERIDE	1532.76201	--	10.750,00€	10.750,00€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de TRABADA, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de TRABADA e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TRABADA	REM	MELLORA ACCESO Á ESCOLA DE VILAPERCIDE	1532.76201	--	10.750,00€	10.750,00€

2º.-Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AUTORIZACIÓN PARA REDACCIÓN DE MODIFICADO DO PROXECTO DA OBRA DE: A FONSAGRADA.- ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 “FONSAGRADA (LU-530)- NAVIA DE SUARNA (LU-722)”, P.K. 0+000–4+350.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

O proxecto da obra de A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350 foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 08 de outubro de 2018, por un importe de 780.000,00€, dos cales 135.371,90€ corresponden ao IVE.

A obra foi adxudicada a empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2019, no prezo de 593.263,00 €, dos cales 102.963,00 € son de IVE, e un prazo de execución de 12 meses.

Con data 06 de marzo de 2019, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.



En data 04 de abril de 2019, asínase acta de comprobación de replanteo, na que se indican que se dispón dos terreos necesarios, con excepción dos que nela se sinalan, que deberán completarse a súa dispoñibilidade previamente a súa ocupación.

Por Resolución da Presidencia, de data 17 de febreiro de 2020, aprobouse unha ampliación do prazo de execución da identificada obra, ata o 04 de outubro de 2020.

Na data do 17 de xullo de 2020, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento documento de proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para redacción da modificación do proxecto da obra identificado na cabeceira, no que, entre outros, indica:

“(…) motivos por los que se considera necesario proceder a la modificación así como una descripción básica de las obras a realizar según el artículo 242.5 de la vigente Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público:

1) Que en el proyecto vigente se incluía un marco prefabricado con dimensiones interiores 3 m x 2.5m; solicitada la autorización por la Diputación de Lugo para su construcción a la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, y después de hacer una visita a la zona de actuación con el guardia fluvial de la Confederación, se constata que la anchura del cauce es de 4 m tanto aguas arriba como aguas abajo, por lo que este organismo autoriza la ejecución de un marco 4 m x 1,5 m ya que el proyectado originalmente no respetaba los anchos del cauce tanto aguas arriba como aguas abajo.

2) Que en el proyecto vigente no se contemplaba la necesidad de realizar saneos ni en las zonas de desmonte de la obra ni en los asientos del terraplén; una vez iniciados los trabajos, se observa la necesidad de la realización de los mismos para poder ejecutar los rellenos y fondos de desmonte con la suficiente capacidad portante. Todo esto hace que se aumenten considerablemente los volúmenes de tierras a mover.

Además, se necesita poder reubicar todo este material inadecuado por lo que se procederá al extendido del mismo en zonas anexas a la traza.

3) Que en cuanto al drenaje del tramo de obras, durante la ejecución de los trabajos se detectan varias zonas donde será necesario instalar drenes subterráneos para evitar la saturación del terreno y la aparición de blandones.

4) Que en la concepción de esta obra de ensanche se aprovechará el firme existente en casi su totalidad; para que no queden zonas debilitadas ni con pendientes transversales incorrectas, surge la necesidad de escarificar, sanear y volver a afirmar con macadam y doble tratamiento al menos 1 m. de los bordes del firme actual (mordientes); además, motivado por que el nuevo eje del vial no se corresponde con el eje actual y también a las deformaciones existentes en el firme actual, será necesario regularizar esas zonas con mezcla bituminosa en caliente.

5) Que en el proyecto original se contempla la ejecución de barrera de seguridad tipo bionda, pero la medición presupuestada resulta insuficiente para cubrir con seguridad alguno de los tramos de obras debido al carácter eminentemente montañoso de la zona.

6) Que como consecuencia de las inclemencias meteorológicas de los últimos meses y debido a que varios de los taludes de desmonte ejecutados no tienen la suficiente inclinación por presentarse una elevada heterogeneidad en los tipos de roca a lo largo de la traza, éstos se han caído, por lo que será necesario retaluzar y modificar la pendiente original de los taludes proyectados, procediendo incluso en algún punto a ejecutar una pequeña escollera de repié para darles mayor estabilidad”.

Consideraciones jurídicas

Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.



Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

O artigo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente”

Pola súa parte o artigo 242.5 da LCSP, precisa:

“5. Cuando la tramitación de una modificación exija la suspensión temporal total de la ejecución de las obras y ello ocasione graves perjuicios para el interés público, el Ministro, si se trata de la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social y demás entidades públicas integrantes del sector público estatal, podrá acordar que continúen provisionalmente las mismas tal y como esté previsto en la propuesta técnica que elabore la dirección facultativa, siempre que el importe máximo previsto no supere el 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y exista crédito adecuado y suficiente para su financiación.

El expediente de continuación provisional a tramitar al efecto exigirá exclusivamente la incorporación de las siguientes actuaciones:

a) Propuesta técnica motivada efectuada por el director facultativo de la obra, donde figure el importe aproximado de la modificación, la descripción básica de las obras a realizar y la justificación de que la modificación se encuentra en uno de los supuestos previstos en el apartado 2 del artículo 203.

b) Audiencia del contratista.

c) Conformidad del órgano de contratación.

d) Certificado de existencia de crédito.

e) Informe de la Oficina de Supervisión de Proyectos, en el caso de que en la propuesta técnica motivada se introdujeran precios nuevos. El informe deberá motivar la adecuación de los nuevos precios a los precios generales del mercado, de conformidad con lo establecido en el apartado 3 del artículo 102.

En el plazo de seis meses contados desde el acuerdo de autorización provisional deberá estar aprobado técnicamente el proyecto, y en el de ocho meses el expediente de la modificación del contrato.

Dentro del citado plazo de ocho meses se ejecutarán preferentemente, de las unidades de obra previstas, aquellas partes que no hayan de quedar posterior y definitivamente ocultas”.

Neste caso a tramitación do modificado esixe a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras, xa que o importe previsto do modificado supera o 20% indicado.

Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.



Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido. (...)”.

No informe da Dirección técnica, de data, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado a) do artigo 205.2, no sentido da imposibilidade de cambio de contratista e que o importe máximo previsto do modificado ascende ao 33,09%, inferior polo tanto ao 50%, requisitos establecidos no artigo 205.2.a.2º da LCSP

No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211”.

Non obstante, segundo o informe da Dirección Técnica, nesta caso supera o 20%, xa que indica que supón o 33,09%, o que supón 196.310,73€.

Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley”.Este trámite coñecese como acta de prezos contraditorios.

Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o informe técnico, o importe máximo previsto ascende ao 33,09 por cento do prezo primitivo do contrato , esixindo, polo tanto, a suspensión das obras.



Consta informe da intervención de 25/03/2020, de que existe crédito adecuado e suficiente para a súa financiación, na aplicación 4530.619, RC-2020/5506, para o importe de 196.310,73 euros.

A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no Artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP).

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é o que figura no apartado B do cadro resumo (Xunta de Goberno).

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos e poñen fin a vía administrativa, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación en vía administrativa e/ou xurisdiccional, nos termos que se indican. O órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018).

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para a redacción da modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente autorizar a redacción da modificación do proxecto da obra A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350, entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido, coa aprobación do gasto estimado e a suspensión das obras.

Á vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar autorización para redacción da modificación do proxecto da obra identificada como A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000–4+350, que segundo informe técnico supón un aumento do 33,09% respecto do prezo primitivo do contrato.

2º.- Determinar que a tramitación do modificado esixe a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeira.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a servizos veterinarios de podoloxía, realizados ós animais da Granxa Gayoso Castro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 17/07/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:



“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detalla:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE ENTRADA		CONCEPTO	IMPORTE
		DATA	Nº		
0207632	30/11/2019	12/12/2019	2019RPE027243	Servizos veterinarios de podoloxía, realizados ós animais da Granxa Gayoso Castro, o día 18/11/2019.	145,20 €
TOTAL					145,20 €

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia da Dirección da Granxa Gayoso Castro de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibbles.

Declaración responsable asinada en data 07/04/2020 polo representante de “Lucusvet, S.L.P”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria Xustificativa do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, de data 13/03/2020, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Informe deste Servizo, de data 18/05/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Diversos informes da Dirección da Granxa Gayoso Castro os servizos prestados.

Informes do Servizo de Contabilidade e Contas de data 09/04/2020, en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

Resolución da Presidencia de data 14/07/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coas facturas anteriormente relacionadas.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 09/07/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“(…)

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a factura da empresa LUCUSVET, SLP polos servizos veterinarios de podoloxía, realizados aos animais da Granxa Gayoso o día 18/11/2019 que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
0207632 GTM 2020/FAC-01/000313	30/11/2019	120,00 + 25,20 (IVE DEDUCIBLE)	4120.22799	92020/2313
TOTAL		145,20		

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.



A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito disponible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 145,20 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou

liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo da Proposta de decreto:



“2.- Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 22 de maio do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
0207632 GTM 2020/FAC-01/000313	30/11/2019	120,00 + 25,20 (IVE DEDUCIBLE)	4120.22799	92020/2313
TOTAL		145,20		

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 22 de maio de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

O reparación dos cascos dos animais era absolutamente imprescindible para a saúde dos animais .

O período de realización do aludido servizo foi o 18/11/2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 145,20 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás unidades estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.



A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose

de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
0207632	30/11/2019	Servizos veterinarios de podoloxía, realizados ós animais da Granxa Gayoso Castro, o día 18/11/2019.	145,20 €
TOTAL			145,20 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Lucusvet S.L.P., por un importe total de 145,20€.

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
0207632	30/11/2019	Servizos veterinarios de podoloxía, realizados ós animais da Granxa Gayoso Castro, o día 18/11/2019.	145,20 €
TOTAL			145,20 €

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Segunda.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a reparación dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de xullo do 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 20/07/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE ENTRADA		CONCEPTO	IMPORTE
		DATA	Nº		
TT 59890	31/07/2019	12/08/2019	18.212	Reparación dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de xullo do 2019.	906,16 €
TOTAL					906,16 €

Visto que consta:

A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia do Parque Móbil, de data 30/08/2019, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coa cantidade e co prezo, e conformada pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 05/02/2020 polo representante de “Comercial Rafael, S.L.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias Xustificativas do Parque Móbil, de datas 30/08/2019 e 06/04/2020, xustificando nesta última o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

As prestacións executáronse unha vez vixente a nova Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, en diante LCSP), e para poder aplicar as limitacións cuantitativas e condicións especiais de incompatibilidade en relación coa contratación na modalidade de “menor” solicitouse informe a Intervención, emitíndose este polo Servizo de Contabilidade e Contas en data 05/11/2019, no que se detalla que non constan outros contratos menores dende o 01/01/2019 que individualmente e /ou conxuntamente iguale ou supere o límite cuantitativo segundo o tipo de contrato.

Por tanto, segundo a interpretación formulada na Xunta de Goberno do 20/04/2018 (Instrución nº 1 para a aplicación da LCSP), as prestacións atopáranse dentro dos límites do contrato menor de subministracións, fixado pola LCSP, ata 15.000,00 € de valor estimado (artigo 118.1segundo redacción na data de presentación da factura).

Informe do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil. de data 23/04/2020, no que se dí o seguinte:

“En relación á factura TT 59890, emitida en data 31/07/2019, pola empresa Comercial Rafael, S.L., se informa que se cumpre o establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.”

Propostas de inicio de expedientes de contratación, de data 13/09/2019, emitidas dende o Parque Móbil.

Resolución da Presidencia de data 07/07/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coa factura anteriormente relacionada.



Nas propostas de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2017 (no caso da factura N° 0840513) e do ano 2018 (no caso da factura N° 0844205) con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de datas 21/10/2019 e 27/09/2019 respectivamente, reflíctense os seguintes antecedentes:

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 03/07/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Comercial Rafael S.L. que seguidamente se relacionan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
TT 59890	31/07/2019	Reparación dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de xullo do 2019.	20/9201.214	92020/3566	906,16 €
TOTAL					906,16 €

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achega ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito disponible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 906,16 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou



liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo da Proposta de decreto:

“2.- Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 23 de xuño do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) DO TRLRFL.

En relación coa factura emitida por Comercial Rafael SL, con número de factura , data da mesma e importe que se reflexa no cadro que se inclúe debaixo e un importe total de 906,16 €, correspondente a reparación dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de xullo do 2019:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
TT 59890	31/07/2019	Reparación dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de xullo do 2019.	20/9201.214.	92020/3566	906,16 €
TOTAL					906,16 €

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 5 de xuño de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Trátase dunha avaría na sonda lambda do camión DAF, con matrícula 3734-HYY, propiedade desta Deputación Provincial de Lugo e utilizado neste Servizo para o transporte de áridos as distintas obras de reparación de vías.

A reparación era indispensable para poder continuar traballando co camión e polo tanto, nas obras de reparación de vías, xa que non sería posible subministrar as obras dos áridos necesarios.

O período de realización dos aludidos servizos foi o seguinte:

NÚMERO FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO: PERÍODO
TT 59890	906,16 €	Reparación dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de xullo do 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 906,16 euros (IVE incluído).



Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación dos servizos, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analoxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.



Así mesmo, a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
TT 59890	31/07/2019	Reparación dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de xullo do 2019.	906,16 €
TOTAL		906,16 €	

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Comercial Rafael. S.L., por un importe total de 906,16 €:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
TT 59890	31/07/2019	Reparación dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de xullo do 2019.	906,16 €
TOTAL		906,16 €	

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Corgo para a execución de fins comúns consistentes en: mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, Campo da feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O CORGO, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, campo da feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio, que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:



A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 20/12/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O CORGO coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, campo da feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio

En data 14-01-2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O CORGO no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ao obxecto:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos e actividades:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MELLORA DAS PISTAS DE ACCESO AO NÚCLEOS DE CAMPELO, VILAPENE, IGLESIA DE SAN CRISTÓBAL, CAMPO DA FEIRA DE GOMEÁN E EXPLANADA DO CENTRO ESCOLAR	57.435,70€	--
ACONDICIONAMENTO, BACHEO E REFORZO DO FIRME DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ADAI, VILACELEIRO, SEGOVIA, E LAPIO	96.195,00€	--
TOTAL	153.630,70€	

Así mesmo, entre outros, se recolle na cláusula terceira, relativa as obrigas do Concello de O Corgo:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 31 de agosto de 2020”.

(...)”

Don Felipe Labrada Reija, Alcalde do Concello de O CORGO achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 15/07/2020, a través do que manifesta “...producíndose unha baixa nas adxudicacións de 30.165,44 euros ... solicita se autorice poder investir o remanente para a realización da actuación pavimentación acceso de Vilachá (LU-P-2918) a límite municipal (Marce) e desde LU-P-2918 a enlace Boelle”, cun orzamento de 32.568,95 €, así como “... unha prórroga para a execución ata o 30 de setembro de 2020”.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público



vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)

“lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de mellorar accesos a núcleos do termo municipal de O Corgo.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto

polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de O CORGO é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, (...)”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de O CORGO, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e



mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O concello de O CORGO será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos

regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.



En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

E dado que na data actual está pendente o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo, e non existe vontade das partes en declarar a súa extinción, faise necesario a súa modificación. O convenio non esta en ningunha das situacións de extinción do mesmo, de acordo co clausulado do mesmo, non se afecta a dereitos de terceiros e a súa modificación redunda no interese xeral buscado polas partes con este convenio.

Ademais, o concello dentro do prazo de vixencia solicitou a aplicación de remanentes, por importe de 30.165,44 €, para a execución de pavimentación acceso de Vilachá (LU-P-2918) a límite municipal (Marce) e desde LU-P-2918 a enlace Boelle”, cun orzamento de 32.568,95 €, e sendo financiado o importe restante da execución (2.403,51 €) con fondos propios do concello, así como unha ampliación do prazo para a execución dos investimentos ata o 30 de setembro de 2020.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno de adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación, autorizando a aplicación dos remanentes producidos na licitación do investimento Mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, Campo da Feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio, que ascenden a

30.165,44 €, segundo indica o Concello, incluído no convenio interadministrativo asinado entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de O CORGO, de xeito que quede incluído en dito convenio o investimento Pavimentación acceso de Vilachá (LU-P-2918) a límite municipal (Marce) e desde LU-P-2918 a enlace Boelle”, cun orzamento de 32.568,95 €, e cunha achega da Deputación de 30.165,44€ e sendo financiado o importe restante da execución (2.403,51) con fondos propios do concello, así como a ampliación do prazo de execución dos investimentos ata o 30 de setembro de 2020, e que se recolle en addenda ao convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/002.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/002, correspondente á Sociedade Civil Negrais, S.C. (Baralla), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,8085 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.404,25 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A Sociedade Civil Negrais, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.



Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade Civil Negrais, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/002, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.404,25 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/010.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/010, correspondente a Ana María Fernández García (A Fonsagrada), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,29 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.645,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Ana María Fernández García, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Ana María Fernández García, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/010, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.645,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/032.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/032, correspondente á sociedade civil Ganadería do Rei, S.C. (A Pastoriza), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha



superficie de 1,4721 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 736,05 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A Sociedade Civil Ganadería do Rei, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería do Rei, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/032, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 736,05 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/034.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/034, correspondente á sociedade civil Granxa Grilleira, S.C. (A Pastoriza), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,97 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 985,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Granxa Grilleira, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Granxa Grilleira, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/034, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 985,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019



“RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/084.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/084, correspondente a Sara Fernández López (Baralla), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,33 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 665,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Sara Fernández López, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Sara Fernández López, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/084, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 665,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DE PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS ÁS ENTIDADES DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Primeiro.- *Proposta Xunta de Goberno para a aprobación do inicio procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-29923 Fernández López, José Ramón dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Entre as entidades beneficiaria atopábase a entidade Fernández López, José Ramón, con número de expediente A-17-29923 e unha cantidade de subvención aprobada de 9.000,00 € para a contratación dun traballador durante 12 meses.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás entidades incluídas nel, dende este momento, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada



laboral establecida na solicitude. Por outra banda e de acordo a base 6 das bases que regulan a selección do persoal os desempregados beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación ou renuncia (segundo o Anexo IV), no caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia no prazo entenderase como aceptado.

Considerando que con data 5 de xuño de 2018 aprobase o Decreto polo que se dita resolución declarativa autorizando á coordinadora do programa Ben Empregado D. Julia Vázquez Silvarrey como responsable para a autorización previa, por parte da Deputación, dos traballadores das entidades beneficiarias, rexeitados durante o período de proba, logo de motivar e xustificar documentalmente as súas causas (segundo a base 6 do programa Ben Empregado IV).

Considerando que a entidade beneficiaria, atendendo á modalidade contractual e á xornada laboral establecidos na solicitude, da de alta e/ou de baixa ós traballadores seleccionados segundo se recolle no seguinte cadro:

TRABALLADOR	DATA CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
De La Horta Otero Victor		21/05/2018	Renuncia antes de contrato
Núñez Ascariz Ángel		24/05/2018	Renuncia antes de contrato
Randolfe Gama José Manuel			Traballando noutra empresa BEIV

Considerando que con data 24 de maio de 2018 a entidade beneficiaria queda sen candidatos na listaxe de reserva, e de acordo á Base 6 do Programa Ben empregado IV fase II “Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará un mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos, a través da creación dunha Bolsa de emprego”. Dende o momento da publicación do Anexo II, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude.

Publicouse ó Anexo II da entidade beneficiaria nas datas e cos resultados seguintes:

DATA PUBLICACIÓN ANEXO II /COMUNICACIÓN	TRABALLADOR	DATA DE CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
18/06/2018	Tourón Vázquez, Ignacio		28/06/2018	Renuncia antes de contrato
31/07/2018	Piñeiro Rodríguez, Jesús	07/08/2018	30/11/2018	Despido causas obxectivas
06/03/2019	Benavides Rodriguez, Jesús Daniel		18/03/2019	Renuncia antes de contrato
09/05/2019	Cerviño Abeledo Brandán		14/05/2019	Renuncia antes de contrato
12/06/2019	Santos Arias Desiderio	19/06/2019		

Considerando que na base 8 da Fase II do Programa Ben Empregado IV estipúlase que se creará unha:

“(…)

lista de reserva para o caso de que algún traballador non supere o período de proba ou para casos que poidan xurdir tales como baixas de longa duración, baixas de maternidade, paternidade..... sempre que o período de contratación subvencionable non exceda do 31 de agosto de 2019.

(…)”

En relación ó anteriormente exposto, a data do 31 de agosto de 2019 sinala o final do período subvencionable dentro do Programa Ben Empregado IV.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, emítase resolución con data 12 de setembro de 2018 da presidencia relativa ao pago do anticipo recollido nas bases do programa, pola cantidade de 7.200,00 €. Este pago faise efectivo con data 18 de setembro de 2018.



Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado IV fase I, a efectos de xustificación:

“(…)

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa da subvención.

(…)”

A efectos do anteriormente exposto, a entidade beneficiaria presenta con data 31 de outubro de 2019, dentro do prazo establecido, documentación da conta xustificativa. Dita documentación non se completa ata o 10 de decembro de 2019, data na que se emite informe por parte desta Sección para que se tramite a aprobación da documentación xustificativa (12.981,80 €) e o ingreso da subvención polo importe que foi anticipado e non xustificado, é dicir, dous mil cincocentos quince euros con sete céntimos (2.515,07 €). É preciso ter en conta que foi necesaria realizar unha regularización da subvención concedida (9.000,00 €) debido a que a data de finalización do período subvencionable, 31 de agosto de 2019, a entidade beneficiaria so conseguira xustificar 190 días do total de 12 meses polo que fora concedida dita subvención.

Considerando que con data 8 de xaneiro de 2020 o servizo de Intervención remite un informe no que fai constar a súa conformidade co importe a reintegrar que foi anticipado e non xustificado, é dicir, dous mil cincocentos quince euros con sete céntimos (2.515,07 €).

Considerando que con data 11 de febreiro de 2020 remítese requirimento solicitándolle á entidade beneficiaria, de conformidade co Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 72.2 g “Do Contido da Conta Xustificativa” e atendendo de forma expresa o disposto na Base 16 do Programa:

“(…)”

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

(...)”

Comunicándolle, así mesmo, que a entidade beneficiaria dispón dun prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da presente comunicación para remitir a Sección de Promoción Económica e Emprego a documentación ata completar a conta xustificativa, advertíndolle que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e procederase o inicio do procedemento de reintegro das cantidades percibidas non executadas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación das Bases 18 e 19 da Fase I do Programa. A entidade recolle a notificación con data 14 de febreiro de 2020.

Considerando que no prazo outorgado de 15 días hábiles (ata o 9 de marzo de 2020) a entidade beneficiaria non presenta a documentación requirida.

Considerando que con segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

“(...)”

1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:



c) Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(...)"

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da LPAC, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 "Regras Xerais" do Procedemento de Reintegro indica:

"(...)

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(...)"

Neste sentido, con data 21 de xullo de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo de Xuros de Demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación do inicio do procedemento de reintegro realizárase con data 24 de xullo de 2020, pola cantidade de 174,53€.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 c), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións

publicas na tramitación deste procedemento, ante o posible “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención”, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.-O inicio do procedemento de reintegro á entidade A-17-29923 Fernández López, José Ramón polo importe anticipado e non xustificado 2.515,07 €, máis os xuros de demora xerados durante este tempo, 174,53 €, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó non presentarse a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, tal e como se indica na base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

2º.- A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción económica e Social, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta Xunta de Goberno para a aprobación do inicio procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-30244 J&J Arias Construcciones y Excavaciones dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.



Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP Nº 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Entre as entidades beneficiaria atopábase a entidade J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L., con número de expediente A-17-30244 e unha cantidade de subvención aprobada de 11.000,00 € para a contratación dun traballador durante 12 meses.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa Ben Empregado IV, publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, as cales recollen o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás entidades incluídas nel, dende este momento, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. A entidade non ten candidatos nesta primeira resolución.

Considerando que segundo se recolle na Base 6 do Programa Ben empregado IV fase II “Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará a Axencia de Colocación, coma mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos”. Dende o momento da publicación do Anexo II, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás empresas incluídas nel, entre as cales se atopa a J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L.. A entidade beneficiaria dá de alta con data 22 de novembro de 2018, dentro do prazo establecido, ó traballador Don Alejandro Pujol Yañez, na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidos na solicitude.

Considerando que na base 8 da Fase II do Programa Ben Empregado IV estipúlase que se creará unha:

“(…)

lista de reserva para o caso de que algún traballador non supere o período de proba ou para casos que poidan xurdir tales como baixas de longa duración, baixas de maternidade, paternidade..... sempre que o período de contratación subvencionable non exceda do 31 de agosto de 2019.

(…)”

En relación ó anteriormente exposto, a data do 31 de agosto de 2019 sinala o final do período subvencionable dentro do Programa Ben Empregado IV.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, emítase Resolución de Presidencia con data 25 de febreiro de 2019 relativa ó pago do anticipo recollido nas bases do programa, pola cantidade de 6.823,01 €, tendo en conta que esta cantidade foi regularizada debido a que con data de finalización do período subvencionable, 31 de agosto de 2019, a entidade podería xustificar o máximo de 283 días. Este pago faise efectivo con data 4 de marzo de 2019.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado IV fase I, a efectos de xustificación:

“(…)

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa. Unha vez aprobada aboarase, se é o caso, o 20% restante da subvención concedida. Dita conta xustificativa conterá a seguinte documentación:



Memoria resumen das actividades desenvolvidas polo traballador con data e sinatura do representante.

Cadro resumen de retribucións do período subvencionado, (Anexo XIII).

Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 (Recibo de liquidación de cotizacións) e TC2 (relación nominal de traballadores), pagados, así como o informe de vida laboral da entidade do período subvencionado. No caso de dispor varias contas de cotización, debera incluír un informe de vida laboral para cada unha delas.

Copias compulsadas ou cotexadas de nóminas mensuais.

Copias compulsadas ou cotexadas do impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagados.

Declaración responsable de que a subvención outorgada empregouse na súa totalidade para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa. (Anexo XII).

Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, declaración responsable de relación detallada das subvencións/axudas obtidas de outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin ou se é o caso declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin. (Anexo IX).

Declaración responsable, cumprimento normativa minimis:(Anexo X).

Certificación de conta bancaria expedida pola entidade á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida en non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da

achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

(...)”

A efectos do anteriormente exposto, e despois de repetidas comunicacións dende esta Sección para que a entidade beneficiaria presentara a documentación xustificativa, requírese de xeito formal con data 10 de marzo de 2020, tanto en sede electrónica como a través de notificación postal, para que no prazo de 15 días hábiles a entidade presentase a documentación necesaria contida na Base 16 do programa Ben Empregado IV. A notificación postal é recollida pola entidade beneficiaria con data 12 de marzo de 2020, mentres que a notificación electrónica é rexeitada ó non acceder á sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo de 10 días naturais. Neste sentido, tomarase como data de notificación a xerada coa notificación postal, seguindo o establecido no artigo 41.7 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións publicas:

“(...)”

Cando o interesado fose notificado por distintos leitos, tomarase como data de notificación a daquela que se produciu en primeiro lugar

(...)”

Considerando que debido a suspensión de prazos administrativos recollidos na Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o prazo de 15 días ó que fai referencia a notificación remitida á entidade beneficiaria paralizouse.

Considerando que en relación o Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-



19, aprobado con data 23 de maio de 2020, no seu artigo 9 “Prazos administrativos suspendidos en virtude do Real Decreto de 436/2020, do 14 de marzo” establece que:

“(…)

Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que fosen suspendidos renovarase, ou se reiniciará, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas

(…)”

Neste sentido, o prazo para remitir a documentación requirida por parte da entidade beneficiaria remataba o día 18 de xuño de 2020. A entidade beneficiaria non presenta dita documentación no prazo establecido.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

“(…)”

1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(…)”

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da LPAC, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:

“(…)

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(…)”

Neste sentido, con data 20 de xullo de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo de Xuros de Demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación do inicio do procedemento de reintegro realizárase con data 24 de xullo de 2020, pola cantidade de 356,41 €.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 c), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento, ante o posible “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención”, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- O inicio do procedemento de reintegro á entidade A-17-30244 J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L polo importe anticipado e non xustificado 6.823,01 €, máis os xuros de demora xerados durante este tempo, 356,41 €, debido a un posible incumprimento do



artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó non presentarse a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, tal e como se indica na base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

2º.- A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción Económica e Social, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, Á ADHESIÓN Á REDE XATEMPREGO E PARA O USO DA APLICACIÓN WEB PARA A XESTIÓN DE ACTIVIDADES.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Con data 3 de outubro de 2019 publícase no Diario Oficial de Galicia a Orde de 18 de setembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019.

De conformidade co artigo 1º da mesma, as devanditas axudas están destinadas á contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL), no ámbito de colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria coas entidades locais, a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego no contorno local.

Con data 13 de decembro de 2019 (con rexistro de entrada na Deputación o 16 de decembro de 2019) recíbese resolución da Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Economía,

Emprego e Industria pola que se concede a esta Deputación unha subvención nunha contía equivalente ao 33% do importe da subvención solicitada e que ascende a un total de vinte mil seiscientos corenta e oito con trinta e un euros (20.648,31 €), para a financiación dos custos laborais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos, derivados da prórroga da contratación de un axente de emprego e desenvolvemento local.

Con data 27 de decembro de 2019, a Xunta de Goberno adopta o acordo de aceptar a subvención concedida e ratificar a resolución da Presidencia pola que se dá continuidade a contratación de M. Carmen Lage Fernández, que xa ven prestando servizos nesta Entidade para este programa, axustándose a que é a AEDL con maior antigüidade no posto.

Na Orde reguladora das axudas establécese no seu artigo 19, denominado Avaliación das actividades levadas a cabo polas persoas contratadas como axentes de emprego e desenvolvemento local o seguinte:

Co obxecto de facilitar e axilizar o traballo diario das persoas contratadas como AEDL e de ofrecer unha información detallada sobre a xestión e os resultados acadados para cada unha das actuacións e servizos promovidos polos e polas AEDL, dispónse dun sistema electrónico de elaboración e xestión da memoria de actividades que permite avaliar as actuacións que están sendo levadas a cabo por aqueles (XATEmprego).

Os datos e a información sobre os servizos e actuacións en que tomen parte deberán ser subministrados en tempo real, de xeito que a Consellería de Economía, Emprego e Industria poida, en calquera momento, ter coñecemento das distintas actuacións que están a levar a cabo as persoas contratadas con cargo a estas axudas.

Así mesmo, o artigo 22 determina, entre outras, como obriga das entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, a seguinte:



Utilizar as ferramentas informáticas postas á disposición dos técnicos, especialmente, o sistema electrónico de elaboración e xestión da memoria de actividades (XATEmprego) que permita avaliar as actuacións levadas a cabo por aqueles.

Esta obriga recóllese en todas as ordes reguladoras para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local e das que a Deputación de Lugo foi beneficiaria nos últimos anos. A Xunta de Galicia puxo no seu intre a disposición dos axentes de emprego a aplicación no seguinte vínculo: <http://xatemprego.bicgalicia.es/hgpyme/index.php>, que leva utilizándose dende entón.

Nembargantes, nestes últimos anos converteuse nunha ferramenta sen apenas utilidade. De aí que a Consellería de Economía, Emprego e Industria leva tempo manifestando en diferentes reunións que ía modificala.

Neste senso, con data 9 de marzo de 2020 recíbese correo electrónico na Presidencia da Deputación de Lugo que, a teor literal, di:

De: Secretaría Xeral de Emprego <secretaria-xeral.emplo@xunta.gal>

Estimado/a Sr. Alcalde / Sra. Alcaldesa.

Como representante do concello beneficiario da subvención recollida na Orde de 18 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito da colaboración con entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL) para o exercicio 2019 (TR351B), lle informamos que en breve vai entrar en funcionamento unha nova versión da aplicación informática XATEmprego, única válida para xustificar a dita subvención concedida.

Esta aplicación informática, tal e como recolle o artigo 19 da mencionada orde, estará a disposición de todas as persoas contratadas como AEDL para permitir a avaliación das actividades

que leven a cabo, ofrecendo unha información detallada sobre a súa xestión e os resultados acadados.

Non obstante, dados os cambios normativos que se teñen producido dende a posta en produción da anterior versión, é imprescindible realizar previamente dous trámites para que o seu persoal AEDL poida acceder á mesma.

Primeiramente, será preciso que remitan asinada a solicitude para a adhesión da entidade que representa á Rede XATEmprego e para o uso da aplicación web para a xestión de actividades (Anexo 1 que se achega) e o compromiso de confidencialidade e non revelación de información (Anexo 2 que tamén se achega), atendendo en todo momento ao protocolo de adhesión que acompaña tamén a este correo electrónico, para a súa información. Os ditos anexos deberán ser enviados, xunto coa correspondente solicitude, a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia á maior brevidade posible a través do procedemento PR004A (segundo se describe no protocolo de adhesión mencionado).

Seguidamente, unha vez recibidos os dous anexos anteriores (Anexo 1 e 2), se lle enviará ao persoal técnico designado da súa entidade, dende a Secretaría Xeral de Emprego, o compromiso de confidencialidade e non revelación de información e a aceptación ao tratamento e cesión de datos persoais acorde co Regulamento Xeral de Protección de datos en vigor para a súa sinatura e correspondente envío, dándolle seguidamente acceso á mencionada aplicación informática.

Lle recordamos que esta tramitación é obrigatoria e imprescindible para que o seu persoal técnico poida acceder á nova aplicación informática XATEmprego.

En todo caso, quedamos a súa enteira disposición para calquera consulta ou dúbida que lle poida xurdir ao respecto.

Atentamente

Olga Otero Otero. Secretaria da Secretaria Xeral de Emprego



Acompaña a este correo electrónico tres documentos, anexos 1 (solicitud de adhesión), anexo 2 (compromiso de confidencialidade e non revelación de información) e anexo 3 (protocolo de adhesión).

Tal e como se pode comprobar no seguinte vínculo, <https://xatemplo.gal/info/conece-os-nosos-servizos>, a rede XATEmprego é unha plataforma de contido público e privado. A parte privada, obxecto desta adhesión, configúrase como un espazo de contacto para os axentes de emprego e desenvolvemento local que traballan na Comunidade Autónoma galega e unha plataforma de xestión das actividades que se desenvolven por cada entidade vencelladas coa Rede.

A adhesión á rede XATEmprego non supón variación algunha nas cantidades subvencionadas para a prórroga na contratación da axente de emprego e desenvolvemento local, nin implica a asunción de custo algún por parte da Deputación de Lugo.

Segundo o exposto e a xuízo de quen subscribe, cómpre realizar a tramitación oportuna para solicitar a adhesión á Rede de persoal técnico que presta servizos en materia de emprego e desenvolvemento local.

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos e considerando que, esta. Deputación, coa aceptación da subvención, asume a obriga de utilizar as ferramenteas informáticas que a Xunta de Galicia pon á disposición dos axentes de emprego e desenvolvemento local, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aceptar as cláusulas contidas no Protocolo para a adhesión á rede de axentes e persoal técnico de emprego e desenvolvemento local (Rede XATEmprego) e para o uso da aplicación web para a xestión de actividades remitido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2º.- Presentar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria os anexos necesarios para formalizar a adhesión (solicitud de adhesión da Deputación de Lugo á rede XATEmprego-anexo I- e Compromiso de confidencialidade e non relevación de información –anexo II).

3º.- Solicitar a alta na Rede XATEmprego de María del Carmen Lage Fernández como persoa beneficiaria dos servizos, que presta os seus servizos nesta Entidade como axente de emprego e desenvolvemento local subvencionada ao abeiro da a Orde de 18 de setembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE APROBACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DE 13 DE MARZO DE 2020, RELATIVA ÁS BASES, O GASTO E OS MODELOS DE SOLICITUDE PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA NA ANUALIDADE 2020 ANTE A NECESIDADE DE READACTAR O MENCIONADO PROGRAMA A ESPECIAL SITUACIÓN QUE, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, SE DERIVA DA COVID-19.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

Con data 13 de marzo de 2020, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases, o gasto e os modelos de solicitude para a posta en marcha do Programa Musiqueando pola Provincia na anualidade 2020. Na proposta de aprobación da Xunta de Goberno aparecían reflectidos os seguintes puntos:

“(…) 1º.- Aprobación das bases do Programa “Musiqueando pola provincia” na anualidade 2020.

2º.- Aprobación do gasto total do Programa por importe de 180.000 euros, desglosado do seguinte xeito:



170.000 € para a pago das actuacións concedidas.

10.000 € para publicidade: anuncios en M.C.S e/ou carteis , rollers, ... nos que se incluírá o logo da Deputación Provincial de Lugo (Servizo de Cultura).

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude para adherirse ao programa (...)”

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional. A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriron a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta conxuntura. As circunstancias extraordinarias que concorreron supuxeron, sen dúbida, unha crise sanitaria sen precedentes e de enorme magnitude tanto polo moi elevado número de cidadáns afectados como polo extraordinario risco para os seus dereitos.

O artigo cuarto, apartado b), da Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, habilitou ao Goberno de España para, no exercicio das facultades que lle atribúe o artigo 116.2 da Constitución, declarar o estado de alarma, en todo ou parte do territorio nacional, cando se produzan crises sanitarias que supoñan alteracións graves da normalidade.

Neste marco, a Goberno Estatal, a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 co obxecto de protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública. Esta declaración de Estado de alarma foi prorrogada con posterioridade a través doutros Reais Decretos como son: Real Decreto 555/2020, de 5 de junio, Real Decreto 537/2020, de 22 de mayo, Real Decreto 514/2020 de 8 de mayo de 2020, Real Decreto 492/2020, de 24 de abril, Real Decreto 487/2020, de 10 de abril e polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo.

O estado derivado desta pandemia motivou que a Proposta de aprobación do Programa Musiqueando 2020 non fose publicada no B.O.P co obxecto de materializarse dado o estado de

confinamento que sufríu a provincia de Lugo. Polo tanto, estamos ante un Programa, cuxa convocatoria non foi publicada no B.O.P, nin tampouco executado e que, na actualidade precisa unha reformulación para adaptarse ás necesidades e condicións da realidade actual.

Por todo elo, a Deputada delegada de Cultura, propón, que pola Xunta de Goberno se deixe sen efecto o acordo de aprobación das bases, do gasto e dos modelos de solicitude para a posta en marcha do Programa Musiqueando pola Provincia na anualidade 2020, aprobado na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 27 de setembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 046, do sábado 23 de febreiro de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva.

Propoño que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias:

Categoría	Nome da Entidade	Nome Actividade	Subvención
Organización de eventos 2019	Club Ciclista Vilalba As Pontes	Marcha Ciclista Monseivane en BTT	1.220,00 euros
Organización de eventos 2019	Club Deportivo Rececende Fútbol Sala	Torneo de fútbol alevín e infantil mixto A Pontenova	915,00 euros



Categoría	Nome da Entidade	Nome Actividade	Subvención
Organización de eventos 2019	Club Quicela Gimnasia Rítmica	Torneo de ximnasia rítmica Val de Lemos	1.220,00 euros
Organización de eventos 2019	Viveiro Surfing Family	Proba circuito galego de surf	632,00 euros

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE EMPREGO DE TRABALLADOR/ A SOCIAL PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NESTA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que está vixente unha listaxe de emprego temporal de Traballador/a Social, e constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a citada listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 19.2 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 09.03.2011 (publicado do BOP núm. 056, do 10.03.2011), acorde:

1º.- Aprobado a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal vixente de Traballador/a Social, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal

interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), publicadas no BOP núm. 079, de 06 de abril de 2020 (corrección de erro BOP 161 de 15 de xullo de 2020).

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán as bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.



ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta á Xunta de Goberno relativa a resolución do concurso ordinario para a provisión do posto de interventor-adxunto da Deputación Provincial.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Vista a proposta do Tribunal do concurso ordinario para a provisión do posto de interventor-adxunto da Deputación Provincial, reservado a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, de data 23 de xullo de 2020, que textualmente di:

“Conforme as bases que rexen a convocatoria do concurso ordinario de méritos para a provisión do posto de traballo de Interventor/a adxunto/a da Deputación Provincial de Lugo, publicada no DOG número 90 de 11 de maio de 2020 e BOE número 169 de 17 de xuño de 2020, o Tribunal á vista das solicitudes que constan no expediente e en cumprimento das bases da convocatoria antes sinaladas, formula a seguinte proposta de acordo:

Declarar admitidos aos dous únicos aspirantes presentados por cumprir os requisitos sinalados na convocatoria para participar no concurso, non habendo polo tanto ningún excluído.

Lista de admitidos:

Roel Hernández-Serrano, Manuel

Vázquez Parga, Luis Ramón

Declarar que os dous aspirantes acreditan estar en posesión do nivel de galego (Celga 4) esixido na convocatoria aprobada por Resolución de 12 de xuño de 2020 da Dirección Xeral da Función Pública (BOE 169 de 17 de xuño de 2020).

Aprobar as seguintes puntuacións finais propostas polo Tribunal aos dous aspirantes, ordenadas de maior a menor:

ORDEN DE MAIOR A MENOR PUNTUACIÓN FINAL	INTERVENTOR/A ADXUNTO/A	MÉRITOS XERAIS	MÉRITOS AUTONÓMICOS	MÉRITOS ESPECÍFICOS	PUNTUACIÓN FINAL
1	Roel Hernández-Serrano, Manuel	20,330	2,700	1,500	24,530
2	Vázquez Parga, Luis Ramón	19,180	2,400	0,700	22,280

Propoñer o nomeamento a favor de Don Manuel Roel Hernández-Serrano para ocupar de forma definitiva o posto de interventor-adxunto da Deputación provincial de Lugo, como consecuencia da puntuación obtida no concurso”.

Tomando en consideración o previsto na normativa de aplicación para este tipo de procedementos de provisión e, concretamente, na base novena da resolución, de 12 de xuño de 2020, da Dirección Xeral da Función Pública (BOE 169 de 17 de xuño de 2020), referida a resolución do procedemento

Constatado que neste procedemento de provisión seguiuuse o establecido nas normas regulamentarias, singularmente no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e nas bases reguladoras desta convocatoria; e que foi observado en todas as fases da tramitación deste expediente o procedemento debido e que na proposta do Tribunal recóllese a valoración final dos méritos das persoas candidatas e que se ordena pola puntuación obtida a totalidade dos concursantes non excluídos.

Á vista da proposta do Tribunal, propoño que, en cumprimento do establecido no artigo 39. 4 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; en uso das atribucións



que lle foron atribuídas no artigo 59, apartado b), do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056, do xoves 10 de marzo de 2011), a Xunta de Goberno adopte o seguinte Acordo:

Resolver o concurso para a provisión definitiva do posto de traballo de Interventor/a adxunto/a da Deputación provincial de Lugo, de acordo coa proposta formulada polo Tribunal de Valoración, a favor Don Manuel Roel Hernández-Serrano, por obter a maior puntuación final.

Remitir o presente Acordo á Dirección Xeral de Administración Local de Galicia, dentro do prazo establecido, conforme ao previsto no artigo 40 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a efectos de efectuar o correspondente nomeamento e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial do Estado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.